Sanchez, a rúbrica, *Dom Afonso santhes filho de *l/*e9 idm / denjs de por**. Colocci anotou antes dela, e nun segundo momento, *Afonso*, acompañado dunha cruz; despois recuperou e completou a rúbrica na marxe inferior do folio, o 5v (figura 22). O dato de *Portugal* falta en *B*, f. 90v (figura 23), que reza simplemente: *Don affonso Sanchez filho del Rey don denis*; neste caso, o humanista, responsable de reproducir a rúbrica, puido, simplemente, omitilo. Parece, así, que Colocci está tamén neste caso confrontando *V* co seu modelo.

Figura 22. Folio 5v de *V*Figura 23. Folio 90v de *B*

De canto acaba de exporse, e tomando como base a lectura dos manuscritos e dos excelentes traballos publicados pola crítica nos últimos anos, en particular os de Barberini referidos aos primeiros fascículos de *B*, parece posible ofrecer unha hipótese explicativa para algún dos enigmas que ofrecen os folios iniciais de *V*, en particular para as notas *A fogli 90 e fl 91*. Cuestión diversa sucede coas demais cifras localizadas nos folios obxecto de análise, para os que non contamos cunha explicación plausible: como sucedeu coa tan traída e levada apostila *Manca da fol ij ifino a fol. 43*, que só agora parece

encontrar unha lectura xusta —non parece referirse á perda de texto unha vez acabado o códice, senón a unha falta parcial de paquetes de traballo no momento de abordarse a copia—, talvez poidamos resolver estes elementos discordantes unicamente cando avancemos na investigación e nos situemos na perspectiva de Colocci. Explicar que ocupaba a mente do humanista naquelas xornadas, que debían ser de traballo frenético, e como puido obrar, cos seus acordos e trasacordos, en que momentos e en que fases, quizais non poida ser nunca máis que unha hipótese de traballo¹⁵.

IV. *COLLATIO* INTERNA

A análise das cantigas ofrécenos, en primeiro lugar, unha serie de datos que non se mostran produtivos nesta fase da investigación e que, polo tanto, non serán considerados, como a presenza ou ausencia de puntos, o desenvolvemento ou non de formas abreviadas, o desprazamento de elementos braquigráficos idénticos dun grafema a outro, o emprego de «deseños» diversos para representar unha mesma abreviatura, ou a, en liñas xerais, falta de marcaxe do refrán en *V*. Tampouco se considerarán diverxencias gráficas do tipo <i> / <y>, <j> / <i> ou <m> / <n> finais. Valor diferente presentan os fenómenos que se abordan nas liñas que seguen¹⁶:

1. Diverxencias na segmentación dos versos: *UC 365, UC 369, UC 370, UC 373, UC 374, UC 375, UC 376, UC 377* ou *UC 380*.
2. Omisión, quer en *B*, quer en *V*, de un ou de varios elementos, circunstancia que pode provocar hipometría¹⁷: *UC 361* (diz *B* : diz' *V*), *UC 364*

¹⁵ Son elocuentes ao respecto estas palabras de Barberini, que segue os pasos da súa mestra, A. Ferrari: «Alla mesa in opera del 'prezioso' codice —copiato alla pecia: procedimento affatto inusuale nella produzione di libri manoscritti di poesia romanza— presero parte sei copisti [...], probabilmente funzionari della Cancelleria e/o della Biblioteca pontificie, assoldati clandestinamente da Colocci o almeno così sembrerebbe, visto che da una lettera di Annibal Caro a Felice Paciotto (datata 1561, qualche decennio dopo la confezione di *B*) si inferisce che tra i suditti del Romano Pontefice vi «è carestia di chi scriva», in quanto «scrittori ci sono pochi, e quelli la più parte servono a la Libreria sopradetta, e non è lor lecito a scriver per altri» (Barberini 2023a: 159-160). Referidas tales palabras aos copistas de *B*, poden facerse extensivas ao amanuense de *V*.

¹⁶ Neste punto é imprescindible a referencia a Monaci (1875: VII-XIV e XXV-XXX, páxinas as últimas que se corresponden co ilustrativo *Appendice II. Tavola dei principali errori che si osservano nella scrittura del codice*). A cantiga *UC 360* foi minuciosamente analizada por D'Heur (1984: 24-26).

¹⁷ Por obvias razóns de espazo, fornecemos un número mínimo de exemplos para cada *item*, aínda que en liñas xerais as formas rexistradas son moi abundantes. En cursiva sinalamos o segmento en que se detecta a anomalía.

(*meçi B : me'zi V*), UC 365 (*mays pois me deus ueer B : mays poys deu9 ueer V*), UC 367 (*Esse esto B : E sse sto V*), UC 369 (*outra B : oura V*), UC 372 (*sempro ue BV*; e a gram coyta B : *agram coyta V*; *desquando 9 B : desquando9 V*), UC 374 (*deu B : de V*), UC 375 (*Senher B : senhe V*; *q̄r me B : me V*), UC 378 (*perdi ossem B : perossem V*), UC 382 (*τ leyxade m̄j q̄ uos q̄ro bem B : c leyxade q̄ nos quero bem V > e leixade min que vos quero ben*). Dentro desta categoría poden incluírse os erros por salto de igual a igual, como o que se rexistra en UC 376 (*de uos bem polo grandamor / q̄ uos B : om. V*). Con excepción do *homoioteleuton*, que obedece a outra mecánica, e como pode apreciarse nos exemplos, os elementos ausentes son abreviaturas, grafemas en contextos de igualdade gráfica ou formas de escaso corpo fónico e de igualmente escasa entidade gráfica que caen con frecuencia no proceso de copia, na liña do sinalado polos manuais de crítica textual ou, no caso específico da lírica galego-portuguesa, por, entre outros, Arbor Aldea (2012a, 2012b).

3. Repetición ou acrecentamento de elementos quer en *B* quer en *V*, que con frecuencia provoca hipermetría: UC 364 (*leuār B : leuar V*), UC 371 (*se / se d̄s B : se d̄s V*), UC 373 (*deffala'i B : desfala' V*), UC 379 (*enō B : eno V*; *cartar B : catar V*), UC 380 (*mercej B : merercej V*), UC 381 (*de saguisado B : de s̄aguisado V*). Tamén neste caso as faltas obedecen a mecanismos simples, que pasan polo desenvolvemento dunha abreviatura e pola súa presenza no mesmo vocábulo, pola repetición de grafemas por atracción do contexto ou pola substitución, talvez na fase de ditado interior e memorización da pericopa, de estruturas lingüísticas desta por outras que lle eran familiares ao copista (para ulteriores exemplos, tanto deste apartado como do precedente, remitimos a *infra*, 7).
4. Desenvolvemento erróneo de abreviaturas ou cativa interpretación das presentes no exemplar: UC 361 (*d̄s B : des V*), UC 374 (*q^w B : q̄ V > quen*), UC 377 (*Por B : Per V*), UC 380 (*q^endalguē B : q̄le/ndalguē V*), UC 381 (*poz qⁱ B : poz q̄ V > porque*, *oūts B : oudes V*; *yō ē B : pō est V > por én*; *par q̄ B : por q̄ V*; *q̄ po B : q̄po V > que pero*).
5. Anticipación de elementos: UC 380 (*pouco B : puoco V*). En UC 362: *Ca nō cuydei sen uosso bē B : Ca nō cuydei (depoys damor) sē uosso ben V*, o códice da Vaticana anticipa dous vocábulos do primeiro verso da seguinte estrofa, que foron corrixidos (*incipiens error*).
6. Confusións gráficas:
 - a > c: UC 371 (*Iuyciō B : Juyão V*).
 - a > e: UC 381 (*guarda B : guarde V > guarda*).
 - a > i: UC 374 (*grandaffam B : gran diffam V*), UC 376 (*men dauem B : men diuem V*).

- a > o: UC 382 (facades B : facodes V > *façades*; Acobar B : acabar V; matade B : matode V).
- ar > u: UC 371 (retadar B : retadu V > *recadar*).
- au ~ ui: UC 379 (pauor B : puior V).
- c / ç > t: UC 360 (catā B : tatā V), UC 371 (entençō B : entētō V).
- c > g: UC 371 (entēcō B : entēgō V).
- cr (r longo) > q: UC 371 (creo B : qeo V).
- d > l: UC 371 (pedes B : palos V > *pelos*).
- d > t: UC 371 (doutra B : troutra V [aínda que podería lembrar un D, como leu Monaci]).
- e > a: UC 375 (atā do B : atēdo V).
- e > c: UC 375 (ey B : cy V).
- e > o: UC 375 (de B : do V; faredē B : faredō V), UC 380 (deuosso bem B : douo ssobem V).
- f > r (longo): UC 365 (roy B : foy V).
- f > t: UC 381 (faria B : taria V).
- f > s (alto): UC 372 (sofri B : sosri V).
- f > t: UC 382 (teyxe BV > *feixe*).
- g > d: UC 375 (grā damor B : drādamor V; en UC 378 rexístrase unha emenda de copista que nos informa sobre este posible erro: perdas B : perdas V, corrixido no códice da Vaticana sobre un *pergas* precedente).
- i > a: UC 382 (daguen B : dignen V > *dig'eu*).
- i > l: UC 382 (la BV > *ja*).
- i > o: UC 381 (nomigalha B : ny migalha V > *nimigalha*).
- i > r: UC 379 (coita B : corta V).
- l > d: UC 382 (deade B : da de V > *leade*).
- l > s (alto): UC 368 (esa B : ela V).
- lxi > ha: UC 371 (apunhada B : apunxida V).
- m > n/u: UC 381 (uelhoria B : nelhona V > *melhoria*).
- m > ni: UC 362 (ġm B : ġni V).
- m > nr: UC 360 (mī B : nrī V).
- m > nt: UC 372 (sa bham B : sabhant V).
- m > ui: UC 362 (muer B : uiuer V).
- mi/j > nu: UC 382 (mġ B : nū V).
- n > i: UC 375 (nē B : iē V).
- n > m: UC 382 (sem^r B : cem^r V, sen^r B : cem^r V).
- n > u: UC 361 (do qñ9 B : do qu9 V), UC 362 (uon B : nō V; seu B : sen V).
- o > a: UC 380 (ssodela B : ssadela V), UC 382 (Canāley B : Canā sey V > *Ca non sei*).
- o > c: UC 379 (Soom B : Scom V).
- o > d: UC 375 (ssoō B : ssdō V).

- o > e: UC 371 (pdom B : perdem V; auez B : auos V), UC 382 (pdon B : perdem V).
- o > s: UC 371 (maor B : mas (τ) V).
- p > r: UC 373 (posso B : rosso V).
- p > y: UC 381 (yō ē B : pō est V).
- r > i, rr > ir: UC 360 (q̄ro B : q̄io V; loucura B : loucuia V; mesura B : mesuia V), UC 363 (mhauera B : mhauerra V), UC 367 (queiria B : querria V), UC 369 (moirerey B : morrerey V), UC 380 (rrem B : irem V).
- r (longo) > p: UC 371 (n̄ro B : n̄pō V), UC 373 (q̄red̄s B : q̄ped̄s V).
- r > t: UC 362 (rē B : te V), UC 365 (ueer B : ueet V), UC 368 (quitat B : quitar V).
- r (longo) > s (alto): UC 371 (fe rir B : fesir V).
- r > y: UC 382 (moytal B : mortal V).
- r > z: UC 381 (poz BV).
- ri > a : UC 372 (sofri B : sofa V).
- ri > n: UC 381 (uelhoria B : nelhona V > melhoria).
- rr > n: UC 380 (monerey B : morrerey V).
- rr (longo) > sp: UC 371 (rrōiz B : spoiz V).
- rr (longo) > ss (longo): UC 371 (assastrar B : assastrar V > arrastrar).
- rr > u: UC 368 (querrey B : queuey V).
- s > c: UC 382 (sen^r B : ceñ V).
- s > e: UC 381 (deus B : deue V).
- s (longo) > l: UC 360 (pela B : pesa V), UC 382 (Canāley B : Canā sey V > Ca non sei).
- s > t: UC 373 (seno^r B : teno^r V), UC 376 (esso B : esto V).
- s > z: UC 371 (d̄s B : d̄z V; auez B : auos V).
- s > 9: UC 365 (deus B : deu9 V).
- ss (longo) > ll: UC 382 (Alli B : assi V).
- t > c: UC 371 (ceu B : teu V), UC 379 (cātauerā B : tantauerā V).
- t > d: UC 381 (ouñs B : oudes V).
- t > f: UC 381 (falhado B : talhado V).
- t > r: UC 371 (coreyfe BV), UC 372 (morta B : morra V > mort'a).
- y > r: UC 374 (coyta B : corta V).
- y > u: UC 361 (depoys achey B : depous acheu V; mays B : maus V).
- y > x: UC 382 (leixe B : lexxe V, a través de leyxe).
- u > a: UC 382 (mando BV > mundo).
- u > t: UC 365 (uerey B : terey V).
- u > ti: UC 374 (sser tiy B : sser uy V).
- x > e : UC 382 (q̄yco B : q̄yeo V > queixo).
- x > r: UC 382 (q̄yre B : q̄yxe V).

- $z > m$: UC 371 (assaz B : assam V), UC 374 (fez B : fem V), UC 375 (deffaz' B : deffa $\tilde{m}$ V).
 - $z > 9$: UC 374 (ffez B : ffe 9 V).
 - $9 > a$: UC 371 (comou 9 B : comoua V), UC 382 (q̃nt 9 B : q̃nta V).
 - $9 > g$: UC 381 (dos se golhos B : dos semolhos $V > dos seus olhos$).
 - $9 > o$: UC 377 (u 9 B : uo V).
 - $9 > s$: UC 375 (deu 9 B : deus V).
 - $c > r$: UC 371 (r̃q̃ B : c̃ q̃ V).
7. Diverxencias gráficas con valor fonético: UC 361 (fiz B : fix V), UC 363 (coraçon B : corazon V), UC 368 (esforçar B : esforzar $V > esforçar$), UC 369 (facenu 9 B : fazanu 9 $V > faç'en vos (querer)$), UC 370 (nũca B : nuncha V), UC 371 (d̃s B : d̃z V ; entẽcõ B : entengõ B), UC 379 (dell̃s B : dell̃s V), UC 382 (facades B : facodes $V > façades$), que poden obedecer á práctica escrituraria do copista ou ben á súa fonética propia, que transloce na transcrición que realiza.
8. Erros ou variantes compartidos por BV . Estes versos, entre outros, ofrecen lecturas erradas en ambos os manuscritos, proporcionando segmentos hipómetros ou hipérmegos.
- UC 365: guisou iaagura uerey B : guisou iaagura uerei $V > [Deus]$ guisou, ja agora verei.
 - UC 370: Aly hu dela q̃tey os me 9 B : Aly hu dela q̃tey os meus $V >$ hipometría, que resolve A : Ali u eu dela quitei os me 9 $> ali u eu dela quitei os meus (ollos)$.
 - UC 371: Iuyãõ q̃ro contigo fãz B : Juyãõ q̃ro contigo faz' $V > -Juiãõ, quero tigo fazer$; eno rostre chamarte rrapaz. B : eno rostre chamarte trapaz $V > eno rostr[o], e chamar-te rapaz$; Iuyas pois q̃ ceu filhar B : Jup'ao pois q̃ teu filhar. $V > Juiãõ, [de]pois que t'eu filhar$.
 - UC 374: p que unid mig 9 ua mayor B : per que uiudmig 9 na mayor $V > per que viv[o], amigos, na maior$; al me fez peyor came ffe 9 q̃ w B : al me fem peyor came ffe 9 q̃ w $B > [e]$ al me fez peor, ca me fez quen.
 - UC 376: deuos terrad̃s / bem ssey B : deuos temad̃s. / bem ssey $V > de vós, [e] terredes, ben sei$.
 - UC 380: come sse ffosse ben q̃rer me porem B : come sseffosse ben q̃rer me porem $V > come se fosse ben, quer-me por én$; gram mal a quẽ uũca merecj B : gram mal a quem nũca mererecj $V > gran mal a quen [o]$ nunca merec'i; serue nõ pede ia q̃ lhi den B : serue non pede ia q̃ lhi den $V > serv'e non pede ja-que, [que] lhi den$.
 - UC 381: mais aq̃le q̃ q̃uos (s) manda s· B : mais aq̃le q̃ q̃ uos manda s. $V > mais aquele que vos manda$, con anticipación, ademais, do grafema que inicia o verso seguinte.

– UC 382: Poys q̄euos p hy mays *de ualer cuydades* B : Poys q̄euos per hy mays *de ualer euydades* / (cuydade) V > *Pois que vós per i máis valer cuidades*; cocar uos edes cō A maõodo peixe B : cocaruos edes cō a maõodo pixe V > *coçar-vos-edes con a mão do peixe*.

As faltas apuntadas nas liñas precedentes, e, en particular, as confusións gráficas, permiten explicar segmentos aparentemente inintelixibles dos poemas que poderían suscitar dúbidas sobre o antecedente de B e V. A modo de exemplo, servirémonos das dúas *fiindas* da *tensó* en que debaten Meen Rodriguez Tenoiro e Juião Bolseiro (UC 371):

–(I): Iuyas pois q̄ ceu filhar / pedes tabe lez r̄q̄ cassastrare aq̄ / *des couces te possetrerey* B : Jup'ao pois q̄ teu filhar. / palos tabelam t̄ q̄ tassastrara q̄ / *dos cougas te pesse gēgey* V > *Juião, [de]pois que t'eu filhar / pelos cabelos e que t'arrastrar, / aque dez couces te porregerei*. B ofrece confusión de <s> por <o> (Iuyas > *Juião*, con esquecemento do til de nasalidade), de <c> por <t> (ceu > *teu*), de <d> por <l> e de <e> por <o> (pedes > *pelos*), de <z> por <s> (tabe lez > *cabelos*, con erro ademais de <t> por <c> e de <e> por <o>), de <r> por <c> (r̄q̄ > *e que*), de <ss> por <rr> (assastrar > *arrastrar*), de <s> por <z> (des > *dez*), e, de novo, confusión de <ss> por <rr> (possetrerey > *porregerei*, forma en que ademais se debe escribir <tr> por <g>). En B o verso é, así mesmo, hipérmetro: t̄ q̄ cassastrare aq̄ / *des > e quet'arrastrar, / aque*. V, pola súa parte, parece interpretar de forma errónea unha posible nasal ou til diacrítico presente no antropónimo (Jup'ao > *Juião*), rexistra confusión de <a> por <e> (palos > *pelos*), de <t> por <c> (tabelam > *cabelos*, con remate en <a/m> por <o/s>), de <ss> por <rr> nas leccións *assastrara* e *pesse gēgey*, forma esta última afectada tamén por un cambio <e> / <o> e por unha mudanza de <r> (alto) en <g>, ademais de escribir <ga> por <çe> en *cougas*.

–(II): Mēa rrōiz semen t̄rōsq'ar / ou seme fano ou seme c̄rōstar / ay t̄uador iauē9 nō tarue'y B : Mene spoīz so meu tpōs dar / ou some fano ou seme q̄ostar / ay t̄uador iauēs nō tāmoy (adiz') V > *Meen Rodriguiz, se m'eu trosquiar, / ou se me fano, ou se me crastar, / ai travador, ja vos non travarei*. Ademais dos erros gráficos, que permiten interpretar con facilidade a lección de B, que ofrece, na última forma, *tarue'y*, unha inversión do grafema correspondente á vibrante e un desprazamento da abreviatura, V seguramente transcribe <rr> con <sp> en *spoīz*, <tr> (r longo) como <tp> en *tpōs dar*, e <q̄> como <d> na mesma forma, ademais de desprazar o signo abreviativo; en *q̄ostar* debeu ser interpretado <cr> (longo) como <q>, con cambio, ademais, de <a> en <o>, tal como en B (*crastar*). Na

última forma manuscrita, pode apreciarse un cambio <*aur>, talvez, e á vista de *B*, xa errado no modelo, en <am>, que obedece á dificultade de interpretar os *minimi*, conservando, como o propio *B*, o desprazamento da abreviatura¹⁸.

Desta análise derívase, ademais de canto se sinalou, e que ilustra ben a corrupción tanto do antecedente de *BV* como a trivialización a que este foi sometido polos diversos amanuenses durante o seu proceso de copia, un elemento quizais menos chamativo a primeira vista, mais que reviste grande interese para entender a compilación dos apógrafos italianos. Así, o cotexo destes 46 poemas permite establecer dous segmentos de textos en que se verifica un alto índice de faltas que apuntan a severos problemas de lectura do modelo, fronte as outros sectores que adoecen de faltas de copia «menores» e que apuntan a un exemplar máis claro na súa abordaxe. Estes dous segmentos problemáticos están representados por *UC* 371 (*B* 403bis, *V* 14), a famosa *tensó* entre Tenoiro e Bolseiro, e *UC* 379-382 (*B* 411, *V* 22-25), catro textos do ciclo de Afonso Sanchez, todo el, en liñas xerais, bastante complexo. A lección manuscrita destas cantigas apunta, por tanto, a que o códice de que se copiaron non era compacto, senón que compartía seccións de lectura limpa con outras que, quizais por chegaren tardiamente ás antoloxías poéticas —fosen estas o antecedente ou antecedentes de *V* e *B* ou estadios previos destes— ou porque procedían dunha fonte xa deturpada ofrecían serios problemas de interpretación. En síntese:

Fernan Gonçalvez de Seavra

Pero Gomez Barroso

[Sancho Sanchez]

Afonso Lopez de Baian

Meen Rodriguez Tenoiro

corpus cantigas

****tensó* –Juião, quero tigo fazer**

Afonso Fernandiz Cebolhilha

Afonso Sanchez

cantigas *UC* 374-378

***cantigas *UC* 379-382**

¹⁸ As *fündas* de *UC* 371 foron magnificamente estudadas e ditadas por González (2015). Remítimos ao seu traballo para completar os datos que aquí se achegan, e para confrontar as pequenas diverxencias de interpretación que se verifican entre a súa proposta e a que aquí se comenta.

IV. *PROVISORIA CONCLUSIO*

Os datos expostos, e coa cautela que esixe a brevidade do corpus de traballo que ata agora manexamos, permiten concluír este ensaio, no que atinxe á *collatio* interna, coa cita do magnífico traballo de D’Heur de 1984, isto é, indicando que as leccións de *BV*

ne sont pas incompatibles, qu’elles s’emboîtent étroitement. Elles prouvent que ni l’un ni l’autre des témoins n’a la maîtrise de la langue dans laquelle il s’exprime. Ni V ni B — c’est-à-dire chacun des copistes qui transcrit de son original — ne connaît bien le portugais, a fortiori le portugais un peu ancien déjà (D’Heur 1984: 26),

e que «V et B sont des manuscrits frères» (D’Heur 1984: 33), que espellarían sen intermediarios un antecedente común único. Quedan, porén, moitos folios por analizar, moitas leccións por estudar, moitos datos, tanto codicolóxicos como textuais, por avaliar, de modo que esta *provisoria conclusio* poderá, talvez, ser modificada e/ou matizada. É este un traballo tedioso e longo, mais é un traballo, evocando a Quevedo, «namorado» dunha tradición quizais «povera», «ma non troppo», e nin sequera estéril, antes colmada de inspiración e de horizontes aínda brumosos, mais que serán ocasos luminosos.

BIBLIOGRAFÍA

Fontes manuscritas e recursos en liña para a súa consulta

- A* = *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda, 1994, en <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?search=cancioneiro+da+ajuda&title=Special:MediaSearch&go=Go&type=image> [Consultado 28/04/2025].
- B* = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982, en *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, [1525-1526] - Biblioteca Nacional Digital (purl.pt) [Consultado 28/04/2025].
- T* = Lisboa, Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo, *Fragmentos*, Caixa 20, n. 2 [Casa forte], ca. 1290/1325? (*Fragmento Sharrer*), en <https://digital.arquivos.pt/details?id=4185713> [Consultado 28/04/2025].

V = Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803). Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, 1973, en https://digi.vatlib.it/view/MSS_Vat.lat.4803 [Consultado 28/04/2025].

Estudos

- ARBOR ALDEA, Mariña (2009): «Un código de historia material compleja: el *Cancioneiro da Ajuda*», en *Revista de Literatura Medieval*, 21: pp. 77-124.
- (2010): «*Lais de Bretanha* galego-portugueses e tradición manuscrita: as relacións entre *B* e *L*», en Maria ILIESCU / Heidi M. SILLER-RUNGALDIER / Paul DANLER (eds.), *Actes du XXV^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Innsbruck 2007)*. Berlin / New York: De Gruyter, pp. 11-20.
- (2012a): «*A fronte a B, V: res metrica e varia lectio* (I)», en Natalia FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ / María FERNÁNDEZ FERREIRO (eds.), *Literatura medieval y renacentista en España: Líneas y pautas*. Salamanca: La Semyr, pp. 363-376.
- (2012b): «*A fronte a B, V: res metrica e varia lectio* (II)», en Antonia MARTÍNEZ PÉREZ / Ana Luisa VAQUERO ESCUDERO (eds.), *Estudios de literatura medieval. 25 años de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*. Murcia: Universidad de Murcia, pp. 159-170.
- (2012c): «*Mais bisílabo? Notas á marxe do Cancioneiro da Ajuda*», en Pilar LORENZO GRADÍN / Simone MARCENARO (eds.), *El texto medieval: de la edición a la interpretación, Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 68. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 159-194.
- (2013): «Del texto manuscrito al texto crítico: la cuestión métrica», en *XXVII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Nancy, 15-20 de xullo de 2013) [texto non publicado nas Actas do encontro].
- (2016 [2015]): *Cancioneiro da Ajuda. Transcrición e notas*. Washington D.C.: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric, en <https://blogs.commonsgorgetown.edu/cantigas/files/2013/05/ArborAldea-Ajuda-Intro-Final2.pdf>.
- (2017a): «La tradición fluida: Pai Gomez Charinho», en Virginie DUMA-NOIR (ed.), *De lagrymas facendo tinta... Memorias, Identidades y territorios cancioneriles*. Madrid: Casa de Velázquez, pp. 35-55.
- (2017b): «*Variae lectiones* en la tradición manuscrita gallego-portuguesa: ¿divergencias solo textuales?», en Alessio DECARIA / Claudio LONGOMAR-SINI (eds.), *I confini della lirica. Tempi, luoghi, tradizione della poesia romanza*. Firenze: Galluzzo, pp. 193-217.

- (2020): «Copia, marcas «anómalas» y eclosión del *refrán* en los testimonios de la lírica gallego-portuguesa (*Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa)», en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 23: pp. 39-60.
- ARBOR ALDEA, Mariña / CIARALLI, Antonio (2018): «Il *Pergamiño Vindel*. Stato codicologico e paleografico», en Alexandre RODRÍGUEZ GUERRA / Xosé Bieito ARIAS FREIXEDO (eds.), *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, pp. 137-165.
- BARBERINI, Fabio (2019): «Tra **B** portoghese e **M** provenzale (**B**, c. 1r)», en *Cultura Neolatina*, LXXVIII, 3-4: pp. 411-425.
- (2022): «Un richiamo in cerca d'autore e due fascicoli perduti (Colocci-Brancuti: fascicolo 9)», en *Cultura Neolatina*, LXXXII, 1-2: pp. 25-51. DOI: 10.53148/CN202212002
- (2023a): «Rubriche malcollocate nel canzoniere Colocci-Brancuti. I: L'«immagine paleografico-visiva dell'antecedente perduto», en Carmen F. BLANCO VALDÉS / Elisa BORSARI (coord.), *Pervivencia y Literatura: documentos periféricos al texto literario*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 159-174.
- (2023b): «La tradizione manoscritta di Fernan Gonçalves de Seavra. Preliminari all'edizione critica», en *eHumanista*, 54: pp. 129-142.
- (2023c): «Su formazione e struttura del Colocci-Brancuti. Il punto sul 'Libro di Portughesi'», en Dolores CORBELLÀ / Josefa DORTA / Rafael PADRÓN (eds.), *Perspectives de recherche en linguistique et philologie romanes. Textes choisis par la Société de Linguistique Romane*. Strasbourg: Société de Linguistique Romane / Éditions de linguistique et de philologie, vol. II, pp. 1099-1112.
- (2023d): «Il fascicolo 5 del Canzoniere Colocci-Brancuti. Pai Soares de Taveirós e Martin Soares», en *Revista de Filologia Románica*, 40: pp. 1-18. DOI: <https://doi.org/10.5209/rfrm.87040>.
- (2024): «'Este *Lais* posemos acá'... Sì, ma dove?», en *Medievalista*, 35: pp. 157-189. DOI: <https://doi.org/10.4000/medievalista.7739>.
- BERMÚDEZ SABEL, Helena (2016): «Colación asistida por ordenador: estado de la cuestión y retos», en *Revista de Humanidades Digitales*, 1. DOI: <https://doi.org/10.5944/rhd.vol.1.2017.16678>.
- (2018): *As Humanidades Digitais e a sua aplicação à variação linguística na lírica gallego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [Tese de doutoramento inédita].
- BERNARDI, Marco (2017): «Una lettera inedita dal Sacco di Roma: qualche novità su Colocci, il 'libro di portughesi' e il *Libro Reale*», en *Critica del testo*, XX/2: pp. 71-103.

- BERTOLUCCI PIZZORUSSO, Valeria (1966): «Le postille metriche di Angelo Colocci ai canzonieri portoghesi», en *Annali Sezione Romanza*, VIII, 1: pp. 13-30.
- (1972): «Note linguistiche e letterarie di Angelo Colocci in margine ai canzonieri portoghesi», en *Atti del Convegno di studi su Angelo Colocci, Jesi, 13-14 settembre 1969*. Jesi: Amministrazione Comunale di Jesi, pp. 197-203.
- BREA, Mercedes (2020): «Lingua e tradición manuscrita», en Déborah GONZÁLEZ (ed.), *Lírica galego-portuguesa. Lingua, sociolingüística e pragmática* [ArGaMed 2]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 37-64.
- (2022): «La numeración colocciana del antecedente en *B* y *V*», en *Anuari de Filologia. Antiqua et Mediaevalia*, 12.2: pp. 59-80.
- (2023): «Angelo Colocci y sus copias de un cancionero gallego-portugués», en Carmen F. BLANCO VALDÉS / Elisa BORSARI (coords.), *Pervivencia y Literatura: documentos periféricos al texto literario*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 29-67.
- (2024): «*Manca da fol. 11 infino a fol. 43*», en *Revue d'études médiévales et de philologie romane*, 1/1: pp. 127-146.
- BREA, Mercedes / FERNÁNDEZ CAMPO, Francisco (1993): «Notas lingüísticas de A. Colocci no Cancioneiro galego-português B», en Gerold HILTY (ed.), *Actes du XX^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, Université de Zurich (6-11 avril 1992)*. Tübingen: Francke Verlag, vol. V, pp. 41-56.
- BREA, Mercedes / LORENZO GRADÍN, Pilar (2020): «La lengua de la lírica gallego-portuguesa en el devenir de la tradición manuscrita», en Stefano RESCONI / Davide BATTAGLIOLA / Silvia DE SANTIS (eds.), *Innovazione linguistica e storia della tradizione. Casi di studio romanzi medievali*. Milano: Mimesis, pp. 107-151.
- BREA, Mercedes / FERNÁNDEZ GUIADANES, Antonio / PÉREZ BARCALA, Gerardo (2021): *As anotacións de Angelo Colocci nos cancioneiros galego-portugueses* [ArGaMed 4]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- CALVIA, Antonio (2016): «A música do *Pergamiño Vindel*», en Mariña ARBOR ALDEA (coord.), *Pergamiño Vindel*. Barcelona: Moleiro, pp. 161-182.
- CARTER, Henry H. (2007 [1941]): *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- CIARALLI, Antonio (2016): «Estudo paleográfico», en Mariña ARBOR ALDEA (coord.), *Pergamiño Vindel*. Barcelona: Moleiro, pp. 147-160.

- D'HEUR, Jean-Marie (1973): «Nomenclature des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècles). Table de concordance de leurs chansonniers, et liste des *incipit* de leurs compositions», en *Arquivos do Centro Cultural Português*, 7: pp. 17-100.
- (1974): «Sur la tradition manuscrite des chansonniers galiciens-portugais. Contribution à la *Bibliographie Générale* et au *Corpus* des troubadours», en *Arquivos do Centro Cultural Português*, 8: pp. 3-43.
- (1984): «Sur la généalogie des chansonniers portugais d'Ange Colocci», en *Boletim de Filologia. Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, 29/2: pp. 23-34.
- FERNÁNDEZ GUIADANES, Antonio (2016): «Dúas notas sobre a transmisión manuscrita da lírica profana galego-portuguesa», en Esther CORRAL DÍAZ / Elvira FIDALGO FRANCISCO / Pilar LORENZO GRADÍN (eds.), *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 369-375.
- FERRARI, Anna (1979): «Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematichiche)», en *Arquivos do Centro Cultural Português*, 14: pp. 27-142.
- (1991): «Le chansonnier et son double», en Madeleine TYSENS (ed.), *Lyrique Romane Médiévale: la tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989*. Liège: Université de Liège, pp. 303-327.
- (1993a): «Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)», en Giulia LANCIANI / Giuseppe TAVANI (dirs.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 119-123.
- (1993b): s.v. «Cancioneiro da Biblioteca Vaticana», en Giulia LANCIANI / Giuseppe TAVANI (dirs.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 123-126.
- (2010): «Perché non possiamo non dirci eterotopici ed eteronomici», en Mariña ARBOR ALDEA / Antonio FERNÁNDEZ GUIADANES (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa. Verba, Anuario galego de filoloxía*, Anexo 67. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 103-113.
- FERREIRA, Manuel Pedro (1986): *O Som de Martin Codax. Sobre a dimensão musical da lírica galego-portuguesa (séculos XII-XIV)*. Lisboa: UNISYS / Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- (2005): *Cantus Coronatus. 7 cantigas d'El-Rei Dom Dinis / by King Dinis of Portugal*. Kassel: Reichenberger.
- (2009): *Aspectos da Música Medieval no Ocidente Peninsular. Volume I – Música Palaciana*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

- (2016): «Ler o Pergaminho Vindel: suporte; textos; autor», en Graça VIDEIRA LOPES / Manuel Pedro FERREIRA (eds.), *Do canto à escrita: novas questões em torno da Lírica Galego-Portuguesa – Nos cem anos do Pergaminho Vindel*. Lisboa: IEM-Instituto de Estudos Medievais / CESEM-Centro de Estudos de Sociologia e Estética Musical, pp. 19-28.
- (2018): «Martin Codax: a história que a música conta», en *Medievalista online*, en <http://www2.fcsh.unl.pt/iem/medievalista/MEDIEVALISTA24/ferreira2402.html>. DOI: 10.4000/medievalista.1700.
- (2019): «Pergaminhos en releitura», en Isabella TOMASSETTI (coord.), *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, vol. I, pp. 369-377.
- FERREIRO, Manuel (2008): «A forma verbal *éste* na lírica profana galego-portuguesa», en *Revista Galega de Filoloxía*, 9: pp. 57-78.
- (2016a): «Notas sobre variación lingüística dalgunhas formas verbais de pretérito nas cantigas galego-portuguesas (*aver, fazer, pôer, querer*)», en Alexandre RODRÍGUEZ GUERRA (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas de cambio lingüístico*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 119-137.
- (2016b): «A forma *mais* na lírica profana galego-portuguesa: variación lingüística e estatus métrico», en *Verba*, 43: pp. 143-164.
- (2018): «A lingua de Martin Codax, entre a tradición e o xénero», en Alexandre RODRÍGUEZ GUERRA / Xosé Bieito ARIAS FREIXEDO (eds.), *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, pp. 167-184.
- GONÇALVES, Elsa (2016 [1976]): «*La Tavola Colocciana Autori Portughesi*», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 5-87.
- (2016 [1983]): «Anna Ferrari, ‘Formazione e struttura del canzoniere portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (materiali e note problematiche)’, Paris, 1979 [Arquivos do Centro Cultural Português, XIV, pp. 27-142 + XXIV planches]», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 89-98.
- (2016 [1986]): «Pressupostos históricos e geográficos à crítica textual no âmbito da lírica medieval galego-portuguesa: 1. ‘Quel da Ribera’ 2. A romaria de San Servando», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO /

- Maria ANA RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, A Coruña: Real Academia Galega, pp. 99-109.
- (1993): «Tradição manuscrita da poesia lírica», en Giulia LANCIANI / Giuseppe TAVANI (dirs.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 627-632.
- (2016 [1991]): «Sur la lyrique galégo-portugaise. Phénoménologie de la constitution des chansonniers ordonnés par genres», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 127-146.
- (2016 [1995]): «Tradição manuscrita e edição de textos: experiências ec-dóticas no campo da lírica galego-portuguesa», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 283-301.
- (2016 [1999]): «Appunti di filologia materiale per un'edizione critica della poesia profana di Alfonso X», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 339-353.
- (2016 [2007]): «Sobre a tradição manuscrita da lírica galego-portuguesa: conjecturas e contrariedades», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 501-533.
- (2016 [2011]): «Duas notas mínimas em torno da confecção e cópia do *Cancioneiro da Ajuda*», en João DIONÍSIO / Henrique MONTEAGUDO / Maria Ana RAMOS (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 535-542.
- GONZÁLEZ, Déborah (2015): «As findas do debate entre Meen Rodruígez Tenreiro e Juião Bolseiro (*B403bis-V149*)», en *Verba*, 42: pp. 403-428.
- GONZÁLEZ, Déborah / BERMÚDEZ SABEL, Helena (eds.) (2019): *Humanidades Digitales. Miradas hacia la Edad Media*. Berlin / Boston: De Gruyter.
- LANCIANI, Giulia (2004): «Repetita iuvant?», en Mercedes Brea (coord.), *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 137-143.
- LARSON, Pär (2019 [2018]): *A lingua das cantigas. Gramática do galego-portugués*. Vigo: Galaxia.
- LORENZO GRADÍN, Pilar (2011): «Orden y desorden en el cancionero gallego-portugués B. Las claves del texto y del libro», en *The Romanic Review*, 102, 1/2: pp. 27-47.

- (2013): «Los *lais de Bretanha*: de la compilación en prosa al cancionero», en *e-Spania*, 16 <http://journals.openedition.org/e-spania/22767> [última consulta: 26/04/2025].
- MARCENARO, Simone (2015a): «Nuove acquisizione sul Pergaminho Vindel (New York Pierpont Morgan Library, ms. 979)», en *Critica del testo*, 18/1: pp. 33-53.
- (2015b): «Duplicazioni, doppie tradizioni e attribuzioni divergenti nella tradizione lirica galego-portoghese», en *Critica del testo*, 18/3: pp. 73-102.
- (2016a): «Il presunto *Livro das cantigas* di Don Pedro de Portugal, Conde de Barcelos», en Esther CORRAL DÍAZ / Elvira FIDALGO FRANCISCO / Pilar LORENZO GRADÍN (eds.), *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 575-583.
- (2016b): «Descripción codicolóxica», en Mariña ARBOR ALDEA (coord.), *Pergamino Vindel*. Barcelona: Moleiro, pp. 137-146.
- (2019): *La lingua dei trovadores. Profilo storico-linguistico della poesia galego-portoghese medievale*. Roma: Viella.
- MICHAËLIS DE VASCONCELOS, Carolina (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2 vols.
- MOLTENI, Enrico (1880): *Il Canzoniere Portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803*. Halle: Max Niemeyer.
- MONACI, Ernesto (1875): *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana*. Halle: Max Niemeyer.
- MONTEAGUDO, Henrique (2008a): *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2008b): «Ortografía alfonsi? Para a análise grafemática dos testemuños poéticos en galego da segunda metade do século XIII», en Manuel FERREIRO / Carlos Paulo MARTÍNEZ PEREIRO / Laura TATO FONTAÍÑA (eds.), *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, A Coruña: Baía, pp. 141-160.
- (2013): «‘Cuita grand’e cuidado’ (A 32) / ‘Coita grand’e coyado’ (B 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneiros trobadorescos», en *Boletín da Real Academia Galega*, 374: pp. 207-299.
- (2015): «Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de A e B. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneiros galego-portugueses», en *Diacrítica*, 29/1: pp. 471-496.
- (2019a): «Variación scriptolingüística e tradición manuscrita da lírica trobadoresca: as variables <nh/n> e <ss/s>», en Ernestina CARRILHO / Ana María MARTINS / Sandra PEREIRA / João Paulo SILVESTRE (eds.), *Estudos linguísticos e filológicos oferecidos a Ivo Castro*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, pp. 859-959.

- (2019b): «Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (séculos XIII-XIV): os clíticos *me / mi* e *lle / lhi* e outras formas en <-e> final», en *Boletín da Real Academia Galega*, 380: pp. 289-381.
- (2020): «Para a análise grafemática da **Recompilación tardía* (**Livro das cantigas*)», en Déborah GONZÁLEZ (ed.), *Lírica galego-portuguesa. Lingua, sociolingüística e pragmática* [ArGaMed 2]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 157-194.
- (2022): «Organización e estrutura do antígrafo dos Cancioneiros da Biblioteca Nacional e da Biblioteca Vaticana», en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 25: pp. 161-180. DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90530>.
- OLIVEIRA, António Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibri.
- (2018): «À volta da tradição manuscrita das cantigas de Martim Codax», en Alexandre RODRÍGUEZ GUERRA / Xosé Bieito ARIAS FREIXEDO (eds.), *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, pp. 51-67.
- PENAFIEL, André Barros (2019a): «Compilação dos cancioneros galego-portugueses primitivos», en *Verba*, 46: pp. 161-206.
- (2019b): «Formação do *Cancioneiro da Ajuda* e seu parentesco com ω e α », en Isabella TOMASSETTI (coord.), *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, vol. I, pp. 421-438.
- RAMOS, Maria Ana (2008): *O Cancioneiro da Ajuda: confecção e escrita*. Lisboa: Universidade de Lisboa, 2 vols. [Tese de Doutoramento inédita].
- RUGGIERI, Jole (1927): «Le varianti del canzoniere portoghese Colocci Brancuti nelle parti comuni al Codice Vaticano 4803», en *Archivum Romanicum*, 9: pp. 459-510.
- SHARRER, Harvey L. (1991): «Fragmentos de Sete Cantigas d'Amor de D. Dinis, Musicadas – uma descoberta», en *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*. Lisboa: Cosmos, vol. I, pp. 13-29.
- (1993): «Pergaminho Sharrer», en Giulia LANCIANI / Giuseppe TAVANI (coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 534-536.
- SEGRE, Cesare (1990 [1979]): *Semiótica filológica (Texto y modelos culturales)*. Murcia: Universidad de Murcia.
- SOUTO CABO, José António (2012): *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Niterói / RJ: Editora da UFF.

- TAVANI, Giuseppe (1969 [1967]): *Poesia del Duecento nella Penisola Iberica. Problemi della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- (1979): «A proposito della tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese», en *Medioevo Romano*, 6: pp. 372-418.
- (1988): *Ensaio portugueses. Filologia e Lingüística*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- (1999): «Ancora sulla tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese (quarta e ultima puntata)», en *Rassegna Iberistica*, 65: pp. 3-12.
- (2002 [2000]): «Eterotopie ed eteronomie nella lettura dei canzonieri galego-portoghese», en *Tra Galizia e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese*. Roma: Carocci, pp. 13-28.
- (2008): «As apostilas de colación no Cancioneiro portugués da Vaticana (Vat. Lat. 4803)», en *A semente da nación soñada. Homenaxe a X. L. Méndez Ferrín*. Santiago de Compostela / Vigo: Sotelo Branco / Xerais, pp. 401-407.

Corpora e bibliografía en liña

- ASKINS, Arthur L-F. (dir.) (1997-): *BITAGAP (Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses)*. Berkeley: The Bancroft Library. University of California, en http://vm136.lib.berkeley.edu/BANC/philobiblon/bitagap_en.html [Consultado 17/04/2025].
- BREA, Mercedes / LORENZO GRADÍN, Pilar (dirs.): *Base de datos da Lirica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)* [base de datos en liña]. Versión 3.7. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en <http://www.cirp.gal/meddb> [Consultado 18/04/2025].
- BREA, Mercedes / LORENZO GRADÍN, Pilar (dirs.): *PalMed. Base de datos paleográfica da lirica galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en <http://www.cirp.gal> [Consultado 19/04/2025].
- FERREIRO, Manuel (dir.) (2018-): *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*, A Coruña: Universidade da Coruña, en <http://universocantigas.gal> [Consultado 25/04/2025].
- LOPES, Graça Videira / FERREIRA, Manuel Pedro *et alii* (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de datos online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais / FCSH/NOVA, en <http://cantigas.fcsch.unl.pt> [Consultado 25/04/2025].

A EMENDA DE CANTIGAS DE AMIGO E O MODELO DE EDIÇÃO CRÍTICA

Ângela CORREIA
Universidade de Lisboa-Centro de Linguística

A proposta de reflexão sobre o que poderá caracterizar a prática editorial de cantigas de amigo galego-portuguesas no século XXI conduz-nos necessariamente à ponderação do que se manterá da prática editorial de séculos anteriores e do que poderá ser revisto. O esforço de melhoria contínua da fixação e interpretação dos textos foi uma constante, e é previsível que se mantenha. No século XXI, tal como nos séculos anteriores, continuaremos certamente a concentrar-nos nos lugares das cantigas que ainda suscitem interrogações. Continuaremos a procurar entendê-las melhor e a melhor perscrutar o pensamento criativo dos seus autores, no âmbito da tradição em que o desenvolveram, de modo a mais acertadamente fixarmos os textos para os leitores do século XXI. Não deixaremos de voltar aos lugares onde outros consideraram haver problemas irresolúveis, mas também aos lugares onde outros julgaram encontrar soluções, tantas vezes estabilizadas ou cristalizadas pela leitura ou o afeto de gerações, e apontar ali a ausência de fundamentos para o conforto, propor soluções menos confortáveis, porém mais fundamentadas e, portanto, eventualmente mais próximas da vontade dos autores. No século XXI, não deixaremos de fazer o que já fizemos antes, de acordo com os princípios e métodos que definem a Crítica Textual, o que, de resto, confirma a robustez das nossas bases de trabalho.

As edições das duas cantigas de amigo de que aqui tratarei têm precisamente em comum poderem ser revistas e melhoradas. Propostas por vários editores, que nem sempre concordaram, continuam a suscitar dúvida e, portanto, a

atrair atenção crítica. As cantigas foram transmitidas pelos dois cancioneiros quinhentistas, o Cancioneiro da Biblioteca Nacional (B) e o Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V), que, como se sabe, convergem frequentemente em lições erradas, obrigando os editores, nestes casos, a agir como em caso de tradição de testemunho único.

A cantiga *Quando vos eu, meu amigo e meu ben* (B637, V238) foi composta por Vasco Fernandes Praga de Sandim, trovador galego ativo no início do século XIII que talvez tenha pertencido ao séquito de Gil Vasques de Soverosa. Os cargos que este nobre ocupou na corte portuguesa entre o fim do século XII e princípio do século XIII confirmam a importância social e política dos Soverosa, e justificam possivelmente a vinda de Vasco Fernandes Praga de Sandim para Portugal, onde casou com Teresa Mogudo de Sandim. Em todo o caso, o trovador terá ocupado, na hierarquia da nobreza, lugar mais modesto. (Oliveira 1994: 439) Ainda assim, a condição implica uma expectativa de formação letrada, por elementar que tenha sido, e que esta formação seja perceptível nas 29 cantigas que dele nos ficaram: quatro de amigo¹ e as restantes de amor.

Ocuparam-se do texto os editores que se dedicaram à edição crítica do *corpus* da cantiga de amigo: J. J. Nunes (1973: II, 68) e R. Cohen (2003: 122). Também outro importante editor lhe deu atenção crítica. No capítulo «O texto das cantigas de amigo», incluído na *Miscelânea de Língua e Literatura Medieval*, M. R. Lapa (1982: 161) tratou esta cantiga numa nota filológica. Quanto às plataformas digitais, CMGP² (2011-) reproduz a edição de R. Cohen, sem aparato crítico nem notas, e com uma pequena diferença na pontuação da última estrofe. Na edição crítica que encontramos em *Universo Cantigas* (Ferreiro 2018-), o afastamento relativamente à edição de R. Cohen limita-se igualmente a algumas diferenças de pontuação, concentradas essencialmente também na última estrofe.

Os dois testemunhos do texto não oferecem dificuldades de leitura crítica, exceto num lugar do refrão, para o qual J. J. Nunes, M. R. Lapa e, por fim,

¹ *Cuidades vós, meu amigo* (B634; V236); *Meu amigo, pois vós tan gran pesar* (B636; V237); *Quando vos eu, meu amigu' e meu ben* (B637; V238); *Sabedes quant'á, 'migo* (B633; V235)

² Nesta plataforma digital, embora se proceda frequentemente a emendas da lição dos testemunhos (por vezes com interesse), não é oferecido aos leitores aparato crítico, contrariamente ao que é prática da Crítica Textual. Não são também sistematicamente nem reconhecidos contributos anteriores para a edição dos textos (em caso de concordância), nem discutidos com editores anteriores diferentes opções (em caso de discordância), como é igualmente prática da Crítica Textual. Faltam ainda notas justificativas de base científica para as emendas feitas. Estes aspetos afastam as edições ali propostas do que consideramos edições críticas.

R. Cohen propuseram leituras diferentes. No caso dos dois primeiros editores —J. J. Nunes e M. R. Lapa—, a proposta de edição passou pela emenda; no caso de R. Cohen, a proposta passou pela recuperação da lição dos manuscritos, com diferente separação das palavras.

Embora o cancionero B apresente uma deficiente leitura da inicial maiúscula e o copista de V tenha omitido uma letra na forma verbal subsequente, ambos os manuscritos concordam quanto ao passo mais problemático, localizado precisamente no primeiro verso do refrão³:

B: **Genholhe ueie** ño posso veer / Meu amigo q̃ mi possa prazer
 V: **tenho lhe uee** ño posso ueer / meu amigo que mi possa prazer

J. J. Nunes emenda o primeiro verso:

- I. 1 Quando vos eu, meu amigu'e meu ben,
 non posso veer, vedes que mi aven:
***tenho e vej'e** non posso veer,
 meu amigo, que mi possa prazer.*
- II. 5 Quando vos eu con estes olhos meus
 non posso veer, se mi valha Deus,
***tenho e vej'e** non posso veer,
 meu amigo, que mi possa prazer.*
- III. 10 E non dorm'eu, nen enfinta non é,
 u vos eu non vejo, e per boã fê
***tenho e vej'e** non posso veer,
 meu amigo, que mi possa prazer.*
- IV. 15 E os meus olhos sen vós que prol mi-am?
 pois non dorm'eu con eles, e de pran
***tenho e vej'e** non posso veer,
 meu amigo, que mi possa prazer.*

Sobre a emenda feita, J. J. Nunes não deixou nenhuma explicação, apenas incluindo, no glossário (1973: III, 692), esta ocorrência entre diversas outras, onde o verbo é usado para exprimir uma opinião (por exemplo: «tenho que lhe fiz torto»; «ben tenho eu assi»), o que não faz sentido, neste caso. Eliminando o pronome, considerou ainda que um copista, num

³ Apresento a transcrição diplomática do refrão, tal como ocorre na primeira estrofe, única em que o encontramos completo. Nas estrofes seguintes, foi reduzido a uma ou algumas palavras, abreviação habitual em ambos os cancioneros.

anterior de B e V, tê-lo-ia acrescentado, o que igualmente levanta dúvidas.

a figura do Rei Trovador na *Mensagem*— no poema inédito resgatado por Roque (2014: 155) que fai das flores trobadorescas, «flores de Portugal».

Outros autores que reinterpretan e reutilizan a cantiga de Don Denis son Vitorino Nemésio, nas «Cantigas de amigo ao pinheiro»; Jorge de Sena, un dos máis insistentes cultores neotrobadorescos, nas «Variações sobre cantares de D. Dinis», ou Manuel Alegre, en varios poemas virados para a intervención política. Roque (2014) levanta mencións de carácter incidental aos versos dionisinos en poemas de Nuno Júdice ou Herberto Helder, e subliña a transformación subversiva do *incipit* da célebre cantiga dionisina realizado por Catarina Nunes de Almeida nun dos poemas de *Bailias* (2010): «Ai noites ai noites / De sol a pino».

A fortuna dos versos de Joan Zorro na poesía portuguesa contemporánea foi igualmente notábel. Afonso Lopes Vieira, agora con base en «El-rei de Portugale» (B 755 / V 1153), parte novamente dunha cantiga para, no poema «As barcas», expresar por igual a decadencia e a nostalxia do Imperio. A mesma cantiga vai servir de intertexto a «Barcas Novas» (1964) de Fiamma Hasse Pais Brandão —incluído no volume homónimo de 1967—, poema encabezado polos versos doutra cantiga do xogar, «En Lixboa sobre-lo mar» (B 1151bis, 1152 / V 754). A autora fai unha relectura en chave política do cancionero de amigo, e utiliza a mesma tradición trobadoresca en que bebera a portugalidade do Estado Novo para revoltarse contra el e denunciar a guerra. Apagando a voz lírica e con base nun entramado retórico que bebe na *variatio* e na *repetitio*, o poema constrúe a identificación entre «barcas novas» e «armas novas», un pólo bélico e masculino, fronte a un espazo de paz que noutros poemas do libro encarnan figuras como a padeira de «Poema pra a Padeira que Estava a Facer Pão Enquanto se Travava a Batalha de Aljubarrota». Fiamma, que fixo do diálogo coa tradición literaria unha das trabes da súa obra poética, voltará ao xogar en «O texto de Joan Zorro», título escollido non por acaso para unha súa escolma poética.

Na Galiza foron as sete cantigas de Martin Codax os intertextos medievais máis frecuentados⁴. Desde Carles Riba, o poeta catalán que mencionara as ondas do mar nun dos seus «Cantares d'amigo» (1911) e Xoán Vicente Viqueira, que na parte inicial do seu «Poemeto da vida» (1919) incorporara unha cita literal do refrán de «Quantas sabedes amar amigo» (V 888 / B 1282), o poeta do mar de Vigo vai ser unha e outra vez referencia reiterada na poesía galega contemporánea, ben como na brasileira e, en menor medida, na portuguesa.

⁴ Alonso Montero (1998a, 1998b) revisa a presenza de Codax e Meendinho na poesía galega. Martínez Pereiro (2016) repasa os principais poemas que homenaxearon Codax na Galiza e no Brasil. Davis (1969) realiza unha aproximación á presenza dos trovadores medievais nos tres espazos literarios.

Das cantigas codaxianas foi «Ondas do mar de Vigo» (B 1278 / V 884) a máis veces referida, citada, parafraseada e até parodiada.

Luz Pozo Garza frecuentou o cancionero codaxiano⁵ desde os seus primeiros poemas, como mostran os versos de «Ondas do mar de Viveiro» (1955). Décadas despois, en «Cantiga para ler en tempo de penumbra. En clave de Martin Codax» (*Códice Calixtino*, 1986) actualizará a vivencia do amor desde unha perspectiva feminina para expresar a arela do encontro erótico, incrustando no texto contemporáneo versos de diferentes cantigas da serie codaxiana cos diferentes valores simbólicos asociados nelas ás ondas do mar, motivo fundamental do xogar vigués. A poeta fai realidade o principio que a estudiosa sentara: «Pero decrece enormemente o valor poético do texto se tentamos reescribilo noutra clave. Así: os textos son intocables, hainos que deixar tal cal como a sabedoría do poeta os creou. O único que podemos facer é albiscar na carga simbólica que comportan para recrearnos na dobre significación repartida entre a maxia e a realidade» (Pozo Garza 1996: 103).

Outra poeta galega da mesma xeración, María do Carme Kruckenberg, establece nas ‘Sete cantigas para as 7 cantigas de Martin Códax’ (*Cantigas pra un tempo esquencido*, 1986) un diálogo explícito co macrotexto codaxiano, cantiga a cantiga, poema a poema, elaborando respostas contemporáneas para os versos medievais, unha intención contratextual que se pon de manifesto na presentación editorial do poema e da cantiga en páxinas contiguas e contrapostas. O poema inicial, posto en boca das ondas, dá resposta ás interrogantes da amiga, transformando en certeza a inquietude orixinal, e introduce a figuración do regreso do amigo, nun aceno explícito ao amigo remador que na cantiga de Meendinho faltaba á amiga condenándoa á morte: «Namorado teu amigo, / Remando virá para Vigo».

No Brasil, Martin Codax foi reiteradamente homenaxeado (Maleval 2002). Mário de Andrade en «Ruas do meu Sao Paulo» transforma as ondas codaxianas nas arterias da cidade nun poema en que a inxustiza social e política é o pano de fondo para a procura do humano pola voz poética (Martínez Pereiro 2016). Manuel Bandeira, no coñecidísimo «Cossante» de *Lira de Cinquent’anos* (1940) une a brasileirización das ondas do mar co motivo ollos verdes guilhadianos, nun poema de sólida arquitectura paralelística articulada co *leixa-pren*. Ambos poetas reconstrúen e renomean os seus espazos vitais á luz dos versos codaxianos. Pola súa parte, Stella Leonardos e Francisca Nóbrega compoñen dous poemas co título común de «Barcarola» co cancionero

⁵ As cantigas de Codax, ben como as doutros trobadores do mar, foron obxecto de análise por parte da autora na súa produción ensaística, singularmente en Pozo Garza (1996).

de Codax ao fondo: Leonardos alterna estrofas contemporáneas, que retoman a localización na ermida, e cobras medievais para concluír co envío do «vago cantar» nunha recreación certamente arqueolóxica da cantiga de amigo; Nóbrega desfai en «Onda do meu Mar de Vigo» o motivo central da cantiga codaxiana tornando o mar confidente en puro obxecto de contemplación, para transformar a amiga arelante en suxeito ensimesmado e confortado no seu ensimesmamento, redefinindo a subxectividade feminina construída na cantiga medieval.

«Sedia-m'eu na ermida de San Simion» (B 852 / V 438), a única e célebre cantiga do descoñecido Meendinho, foi tamén obxecto de reelaboración e homenaxe, principalmente na Galiza. Fermín Bouza Brey colocara os versos «Cercáronme as ondas que grandes son / e non hei barqueiro nen remador» como lema de *Nao Senlleira* (1933) e, case tres décadas despois, Manuel María escollerá para encabezar *Mar Maior* (1962) outros versos do descoñecido xograr, «Non hei barqueiro nin remador, / Morrerei fremosa no mar maior». No intermedio, cantiga e trobador suscitaron o tributo explícito de Álvaro Cunqueiro en «Homenaxe a Mendiño» (1955), poema contemporáneo construído como envés da cantiga medieval: o amigo remador toma a palabra para responder á fremosa nunha estrutura marcadamente apelativa que xoga cos códigos xenéricos do cancionero amoroso medieval, envoltos nun manto popularizante, para desnegativizar os significados simbólicos da cantiga e realizar unha gozosa exaltación do amor.

Os versos de Meendinho deron lugar á paráfrase poética de Xavier Seoane «Imitación de Meendiño» (1980) e á refacción interpretativa de Martín de Redondela (Xesús Alonso Montero) «Sedíame, eu, irmana, na illa do amor» (1983). A personalidade do ignorado xograr despertou tamén o interese de poetas que compuxeron tentativos retratos fascinados, como o «Mendiño» (1981) de Xosé María Álvarez Cáccamo, ou combinaron a evocación do trobador co comentario parafrástico da cantiga medieval, tal «A Mendingo, jogral galaico-português do Medievo» (*Futuro Imemorial*, 1985) de Ernesto Guerra da Cal: «Ficou de ti / só essa cantiga/ de uma donzela / virgo que espera/ e desespera/ pela delonga/ do seu amigo / numa ermidinha / do mar de Vigo».

Pola súa parte, Helena Villar Janeiro en «Ben sei que xa viñeches, barqueiro, meu amigo» (1982) responde a interrogante do refrán na proposta editorial de Giuseppe Tavani («Eu atendend'o meu amigo? E verrá?»): a voz da amiga afirma a certeza do encontro e escribe un final feliz en que acompaña o amigo a través das ondas do mar («Non. Meu barqueiro amigo, / polas ondas do mar / irei contigo»), nunha acción decidida que rompe co rol pasivo da voz feminina na cantiga medieval.

Versos e cantigas doutros trobadores foron igualmente retomados en diversa maneira, por autores e autoras contemporáneas, con resultados ben notábeis en poemas de Álvaro Cunqueiro («Pero Meogo no verde prado»), Francisca Nóbrega, Eugénio de Andrade, Uxío Novoneyra (os poemas *referidos* a Airas Nunez e Joan Airas) ou David Mourão Ferreira. En conxunto, as cantigas de amigo emblemáticas deron lugar a poemas que oscilan entre a paráfrase interpretativa e a evocación puntual de versos, palabras-chave e símbolos.

IV. UN MOLDE PARA A SÁTIRA

Entre as actualizacións da cantiga medieval no século xx é de particular interese a resignificación da cantiga de amigo como modelo para a intervención política, especialmente na poesía portuguesa da década de 60, no contexto da ditadura salazarista e das guerras coloniais. Unha estratexia contratextual, que pon ás avesas a cantiga de amigo, como sinalamos a propósito de «Barcas Novas» de Fiamma Hasse Pais Brandão. Pola mesma altura, Manuel Alegre logra en «Como ouvi Linda cantar por seu amigo José», de *Praça da Canção* (1964), o exemplo máis acabado da fusión dos tópicos e das estruturas da cantiga de amigo coa poesía de intervención. Apoiado non por acaso na célebre cantiga dionisina das «flores do verde pino», o poeta sèrvese do motivo da ausencia do amigo para transformar a angustia amorosa en denuncia das detencións ilegais e da represión da policía política salazarista: «Se sabeis novas do meu amigo / novas dizei-me que vou morrendo / por meu amigo que me levaram / num carro negro de madrugada».

Partindo igualmente da cantiga de Don Denis, José Carlos Ary dos Santos fai en «Catinga⁶ de Inimigo» —evidente xogo de palabras paronomásico co nome do xénero trobadoresco— un poema de denuncia da represión, da tortura e do fascismo, combinando elementos dos códigos da cantiga de amigo cos da cantiga de amor: «Minha senhora da cruz vermelha / crucificada na cruz gamada / trazeis-me novas da minha orelha? / Ai é cortada!».

«Illa do amor, illa da morte» (1976) de Valentín Paz Andrade —publicado en *Cen chaves de sombra* (1979)— é un novo exemplo da utilización dos textos emblemáticos ao servizo da denuncia política. O autor reproduce literalmente expresións da cantiga de Meendinho para opor «a Illa que nascera baixo o sino do amare» ao «fin sanguíento» que tivera San Simón como

⁶ Segundo explica Cunha (2008: 49), o vocábulo ‘catinga’ remete para o contexto colonial, pois é usado en Mozambique para designar un olor desagradábel asociado principalmente á suor.

cárcere que fora para os presos políticos logo do golpe de estado do xeneral Franco en 1936, nun apelo á memoria da represión de que a illa fora tamén escenario.

Porén, a intersección entre sátira e cantiga de amigo non tivo só como resultado a sátira unicamente política. Na Galiza o xénero de amigo foi tamén molde para a invectiva persoal, en poemas escritos para a circulación privada, de man en man, que utilizaron as diferentes variantes do xénero medieval para a burla encuberta dos contemporáneos. É o caso de «Beilada de fodienda nas Cíes» asinada co pseudónimo Pero de Fonlor⁷, recuperado por María Xosé Queizán, destinataria principal do poema, na súa autobiografía *Vivir a galope* (2018: 315). O poema, difundido en copias mecanoscritas en 1964, sérvese dos códigos retóricos da cantiga de amigo e da ambientación no mar de Vigo celebrado nas cantigas de Meendinho e Martin Codax para compor un escarnho arredor da suposta promiscuidade sexual da destinataria —motivo frecuente do vituperio dirixido ás mulleres na cantiga de escarnho e maldizer— cunha linguaxe abertamente obscena.

No mesmo ámbito da sátira pode ser considerada algunha das cantigas (*neo*)*trobadorescas* que Jorge de Sena, sempre en diálogo coa tradición literaria, inseriu na novela *O Físico Prodigioso* (1977 [1964]), en concreto «Ao rio perguntei por meu amigo», combinación de maldizer apostro e de escarnho de amigo. Metricamente organizado en dísticos con refrán e rigorosamente estruturado segundo os principios do paralelismo e do *leixa-pren*, o texto glosa os motivos da partida do amigo e do baño ritual, ambos utilizados nun sentido desviado: quen realiza o baño non é a *dona virgo*, mais o amigo, e non como preparación do amor mais como purificación do «pecado», subvertendo drasticamente os valores trobadorescos, pois «é, no fondo, o lamento do próprio Diabo, uma vez que o acto sexual consumado foi entre o Físico e ele próprio, que o ama sem ser correspondido» (Cunha 2008: 72-73).

V. AGORA FALA A AMIGA

Décadas despois da publicación dos primeiros poemas neotrobadorescos, coñecemos as lecturas poéticas das cantigas medievais realizadas por autoras, necesariamente dispares entre si: nalgunhas poetas, a invocación

⁷ Queizán (2018: 315-319) indica que o poema surxiu do círculo que rodeaba a Ramón Piñeiro e tivo como autores/indutores/colaboradores a Arcadio López Casanova, Carlos Casares e Salvador García-Bodaño. María Xosé Queizán e o seu esposo na altura, Xosé Luís Méndez Ferrín, mantiñan posicións políticas diverxentes ás do grupo articulado arredor de Piñeiro. Ambos son obxecto do poema.

medieval é incidental, noutras, forma parte dunha poética que ten forte ancoraxe na tradición literaria; por veces, a pesar de ocasional, é recorrente ao longo do tempo. Todas mostran nas súas creacións un potencial subversivo e transformador (político, poético e de xénero) máis ideolóxico do que formal.

As poetas dialogan especialmente cos textos emblemáticos do cancionero de amigo, para actualizar a voz da amiga e, con frecuencia, redefinir, desvendar ou cuestionar a identidade e os roles de xénero que a cantiga medieval lle asignaba. O diálogo coa cantiga de amigo, xeralmente virado cara á subxectividade, abranxe unha ampla gama de rexistros, desde a experiencia erótica até a afirmación feminista.

O vínculo entre voz e autoría, e a representación da voz e da muller no texto medieval son revisados canto á definición do corpo, do desexo e do amor en *Minha Senhora de Min* (1971) de Maria Teresa Horta, que valeu á autora a censura e a investigación pola PIDE, a policía política portuguesa. Se ben o título do poemario remite para unha *trova* de Sá de Miranda, son incorporados acenos á cantiga de amigo e de amor, nun discurso de afirmación en femenino do eu poético, do propio corpo e da propia voz. Desde unha posición militantemente feminista⁸, o discurso de emancipación amorosa e sexual contesta a identidade e os roles de xénero adxudicados á muller pola ditadura e, na definición dunha muller activa e dona de si, tamén desvenda o papel asignado á *dona virgo* na cantiga de amigo e á *senhor* na cantiga de amor. Case vinte anos despois, este poemario será invocado por Ana Luisa Amaral en *Minha Senhora de Quê* (1990) para reavaliar a vixencia da afirmación da autonomía feminina e do dominio e da propiedade do propio corpo, e pór de manifesto a «indefinición, dúbida e ‘fragilidade’ como atributos legítimos do suxeito poetizante feminino» (Klobucka 2009: 324).

Poesía amorosa da coita, de perspectiva feminina e feminista, que deliberadamente foxe da aproximación mimética ou formalista é a da brasileira Hilda Hist nas *Trovas de Muito Amor para um Amado Senhor* (1960), realizada desde a apropiación de tópicos trobadorescos, ben como catrocentistas e quíñentistas (Maleval 2002: 57). A voz feminina louva a propia habelencia no trobar, nunha volta ao motivo do *gap* presente en tantas cantigas de amigo. Unha voz poética que afirma e asenta a súa condición de creadora e que, envolta en resonancias de bailadas, asume para si o deber do canto negado ás rapaciñas: «Moças donzelas / Querem cantar amor / Sem mais aquelas. // Canto eu por elas».

⁸ Que a autora manifestou reiteradamente, por exemplo nas *Novas cartas portuguesas* (1972), en coautoría con Maria Isabel Barreno e Maria Velho da Costa, obra prohibida pola censura e pola que as autoras foron obxecto de procesamento xudicial.

Autoproclamada «neta de Don Denis», Natália Correia mostra o dominio dos códigos xenéricos trobadorescos en «Queixam-se as novas amigas en velhos cantares de amigo» e «Alegram-se as velhas amigas en novos cantares de amigo» (*O Sol nas Noites e o Luar nos Dias*, 1999). As series, de quiasmáticos e antitéticos títulos, articúlanse arredor da expresión do lamento e do gozo de suxeitos femeninos, nunha formulación enunciativa que recolle a coralidade e dá sentido comunitario ao apelo ás amigas confidentes da cantiga de amigo. «Queixam-se as novas amigas en velhos cantares de amigo» denuncia a perturbación da guerra no mundo do amor: o espazo das amigas é a natureza, o espazo rural da serra que se opón ao espazo dos homes na cidade, nunha asociación cidade-home-guerra, antitética de serra-muller-paz, que poderíamos cualificar de eco-pacifista: «Estranhas ao mundo que os nossos amados / Fizeram com indústrias e infames ofícios». «Alegram-se as velhas amigas em novos cantares de amigo» modula a celebración do amor so o manto de bailadas, albas e mariñas no rico tecido simbólico de cantigas emblemáticas de Don Denis, Martin Codax, Joan Zorro, Pero Meogo ou Airas Nunez, cunha sabia utilización e dosificación dos procedementos retóricos ligados á *variatio* e á *repetitio* en que os *soldadinhos* de abril, «trazem flores em vez de balas / para libertar as belas». En conxunto, Natália Correia, á par que actualiza os códigos da cantiga de amigo, propón unha (re)interpretación moral da historia de Portugal.

Autora de ligazón plural coa materia medieval (Maleval 2002: 48-54) é Cecília Meireles que no «Cantar de vero amor» (1964) presenta unha singular cantiga de amiga: unha canción de despedida que recoñece no molde retórico do cancionero de amigo a fórmula mellor para expresar a arela da permanencia do amor alén da morte. O motivo da partida forzosa do amigo é invertido pola autora que, nas vésperas do propio pasamento, dá voz á súa (indesexada) despedida do amado envolvendo o poema nun emotivo ton de espiritualidade transcendental: «Ah! do que disse nada mais se diga! / Vai-se a tua Amada —vai-se a tua Amiga! // Ah! do que era tanto, não resta mais nada... / Mas houve essa Amiga! mas houve essa Amada!».

Stella Leonardos —«a mais fecunda cantora das nossas tradições» (Maleval 2002: 72)— realiza no 'Códice ancestral' (*Amanhecência*, 1974), unha revisión do lirismo trobadoresco, cantiga a cantiga, utilizando o modelo mote-glosa para desenvolver paráfrases actualizadoras que incrustan versos medievais no texto contemporáneo. Cantigas de Pero Meogo, Don Denis, Pedro Gonzalez de Portocarreiro, Martin Codax, Fernand'Esquio son escollidas para un diálogo abertamente intertextual que non agacha, até na grafía, a súa vontade arqueoloxizante: «'As froes do meu amigo' / van, 'briosas van no navio'. / E froes vagas sospyran / aa fror das vagas, sospyran. / Ay froes!».

Nas poetas galegas é manifesta a querenza por textos emblemáticos do cancioneiro de amigo, como vimos nos poemas de M.^a do Carmo Kruckenberg e Helena Villar Janeiro mencionados no punto III, que mostraban a afirmación do suxeito feminino e o cuestionamento do rol pasivo que a amiga desenvolvía no xénero medieval. Desde coordenadas similares, Luz Pozo, constante no diálogo co texto medieval, mostra en poemas como «En Vigo, no sagrado» —subtitulado «A xeito de cantiga»— unha contida exaltación do goce erótico servíndose de alusións ao tecido simbólico de cantigas da autoría de Pero Meogo, Martin Codax, Nuno Fernandez Torneol e Meendinho para cantar o pracer do encontro co amigo «no sagrado segredo / de Vigo».

En suma, perspectivas plurais que conflúen na redefinición da voz da amiga medieval e nun achegamento ao acervo trobadoresco máis produtivo do que reprodutivo.

VI. A PARODIA

Os rexistros paródicos acompañaron o propio surximento das elaboracións neotrobadorescas e naqueles espazos onde o neotrobadorismo contará cunha longa traxectoria alcanzarán tamén esta propia tendencia.

O poeta brasileiro Augusto Meyer nos *Poemas de Bilu* (1929) deixou numerosos exemplos de «poema-piada, tão caro à iclonocastia moderna» (Mallevat 2002: 36), como a «Bailada», exemplo do neotrobadorismo lúdico característico do poeta e ensaísta de Porto Alegre, que incorpora a memoria dos versos de «Bailemos nós já todas tres, ai amigas» (B 879 / V 462) de Airas Nunez, de «Bailemos, agora, por Deus, ai velidas» (B 1158 bis / V 761) de Joan Zorro e da cantiga dionisina «Proençaes soen moi ben trobar» (B 524 / V 127): «Mas bailemos, mentr'al non fazemos. / Bailemos poemas, cantigas, bailadas, / Bailemos, ai Bilu, bailemos ao menos / No ritornelo destas retornadas!».

Na Galiza, o *Cancioneiro de Monfero* (1953) de Xosé M^a Álvarez Blázquez pode ser considerado como unha tentativa de liquidación paródica do neotrobadorismo, nun contexto en que boa parte das súas realizacións deixaran de ter a cantiga trobadoresca como modelo. Este poemario, un falso cancioneiro medieval que conservaría vinte e nove cantigas —algunhas anónimas e outras da presunta autoría de seis trovadores distintos, algúns da invención do falso editor—, é presentado como adianto da edición dun manuscrito achado no mosteiro coruñés, copiado por un tal frei Ramón Pazos. Álvarez Blázquez *editaría* oito cantigas, do xénero de amigo e de escarnio. O *Cancioneiro*,

asentado nun coñecemento apurado da lírica trobadoresca⁹, levaría ao extremo o diálogo coa poesía medieval: o regreso ás orixes suporía a imitación total, sería principio e fin do propio neotrobadorismo. Así trobaba o inexistente Riandiño, xogar:

Amigas, quando vier
meu amigo demandar
por mí, que vaia veer
se estarey ante o altar
de Santa Comba, ú m'él víu
o día que se partíu.

O multifacético Antón Reixa levou alén os versos de Meendinho en «Contrabando de amigo» (*Viva Galicia Beibe*, 1994) para, entre a parodia e o realismo social, actualizar o escenario da cantiga medieval, transformado agora en observatorio das idas e vidas do narcotráfico: «Sentada estou na Illa de San Simón / Esperando, meu amigo, aí, que volvas do Gran Sol / e pola ponte de Rande van e veñen sen parar / moitos coches, meu amigo, que non veñen do Gran Sol».

Cunha forte vontade desacralizadora dos textos canónicos, a portuguesa Adília Lopes vai intervir sobre emblemáticas cantigas de amigo en poemas de *Clube da poetisa morta* (1995) e *Sete Rios Entre Campos* (1997), recollidos en *Dobra* (2009). Uns versos de Vitorino Nemésio («Já portuguesamente / Riman 'noite' e 'boite'»), que marcan o ton lúdico e proporcionan a chave retórica, van encabezar un breve poema inspirado no cancionero de Martin Codax («De mão dada / com o meu amigo / vejo os filmes / de Jean Vigo») en que o motivo trobadoresco da espera polo amigo ausente é invertido para colocar no centro do poema unha escena cotiá de intimidade compartida.

A parodia alcanzará o propio neotrobadorismo na deconstrución humorística de «Neotrobadorismo» do colectivo Ronseltz, serie incluída no poemario *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (1994), testemuño da súa actividade en recitais performativos na década anterior, en que primaba a vontade rupturista e parodística. Os catro poemas da serie levan ao extremo os mecanismos dunha fórmula que tivera longa fortuna e extenso uso, como mostra o derradeiro texto: «Ondas do mar de Vigo / se vistes meu amigo: / que marchei». En tres versos, é anulado o motivo da espera da amiga, que logo de séculos de proclamar a súa inquietude pola ausencia do amigo e arelar o seu retorno, desiste de

⁹ Blázquez viña de realizar para a editora Galaxia a *Escolma de poesía galega. Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)* (1953), publicada con prólogo de Manuel Rodrigues Lapa.

agardar. Fronte á pasividade e á espera perpetua do cancionero de amigo, a indefinida voz do poema é a dun suxeito activo que se expresa coloquialmente e que utiliza as ondas do mar non como confidentes da súa angustia ou eventuais portadoras de novas do amigo/amado, mais como mensaxeiras da súa decisión. O poema desacraliza o texto canónico e actualiza de vez a cantiga medieval.

VII. A MODO DE CONCLUSIÓN

A cantiga de amigo foi tradición literaria produtiva na Galiza, Portugal e Brasil durante os séculos xx e xxi, con intermitencias, puntos de encontro e particularidades en cada época e espazo literario. A alusión, a réplica de estruturas formais, a imitación son os principais modos na relación formal coa materia medieval que os textos poéticos mostran. Homenaxes, parodias, poemas contratextuais, humor, intervención política.. son posíbeis nun diálogo intertextual e intersecular que continúa na actualidade e no que prima a vertente produtiva sobre a reprodutiva.

Se o interese inicial pola cantiga de amigo tivo unha forte compoñente ideolóxica, pola definición do xénero como nacional, as aproximacións contemporáneas desvendan os códigos retóricos, mais tamén ideolóxicos, que operan nun xénero pretensamente inxenuo e tradicional e, nas lecturas abertamente feministas, revelan, cuestionan e contratextualizan o rol asignado á voz feminina no cancionero de amigo.

A produtividade da tradición trobadoresca mostra nos versos contemporáneos como, parafraseando Fiamma, existimos sobre o anterior.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús (1998a): «Fortuna literaria dos tres poetas da ría de Vigo», en Henrique MONTEAGUDO / Luz POZO GARZA / Xesús ALONSO MONTERO, *Tres poetas medievais da ría de Vigo. Martín Codax, Mendiño e Xohán de Cangas*. Vigo: Galaxia, pp. 245-332.
- ALONSO MONTERO, Xesús (ed.) (1998b): *Homenaxe ós tres poetas medievais da ría de Vigo. Martín Codax, Mendiño, Johán de Cangas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- CASAS, Arturo (2021): *Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico*. Venezia: Ca' Foscari.
- CUNHA, Sílvia Marisa DOS SANTOS ALMEIDA (2008): *Un Chant Novel. A inspiração (neo)trobadoresca na poética de Jorge de Sena*. Aveiro: Universidade. Dissertação de mestrado.

- CUNHA, Carlos Manuel FERREIRA DA (2002): *A construção do discurso da história literária na Literatura Portuguesa do século XIX*. Braga: Centro de Estudos Humanísticos.
- DAVIS, William Myron (1969): *Neo-troubadourism in Galicia, Portugal and Brazil*. New York: New York University. Tese de doutoramento.
- FERREIRO, Manuel (1997): «Pondal 'ao estilo' de Joan Zorro: a primeira cantiga neotrobadoresca galega», en *Actas do Congreso O Mar das Cantigas*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela, pp. 213-234.
- FILGUEIRA VALVERDE, José (1959): «El retorno a la 'forma inmóvil' en la lírica gallega», en *Ínsula*, 152-153: p. 6.
- FRANCO, Hilário / VIEIRA, Yara FRATESCHI / MONGELLI, Lénia Márcia DE MEDEIROS (2008): «Estudos Medievais no Brasil», en *Revista de poética medieval*, 21: pp. 177-219.
- KLOBUCKA, Anna M. (2009): *O Formato Mulher. A Emergência da Autoria Feminina na Poesia Portuguesa*. Coimbra: Angelus Novus.
- LÓPEZ, Teresa (1997): *O neotrobadorismo*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2003): «Lírica trobadoresca e poesía contemporánea. *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* de Bernardino Graña», en M.^a Amparo MALEVAL / Francisco SALINAS (ed.), *Estudos galego-brasileiros*. Rio de Janeiro: H.P. Comunicação, pp. 257-280.
- MALEVAL, M.^a do Amparo TAVARES (2002): *Poesia medieval no Brasil*. Rio de Janeiro: Ágora da Ilha.
- MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos Paulo (2016): «O teimoso ecoar das ondas codaxianas. Da mimese pasadista á apropiación actualizadora do 'poeta menor' et alia», en Graça VIDEIRA LOPES / Manuel Pedro FERREIRA (ed.), *Do canto à escrita: Novas questões em torno da Lírica Galego-Portuguesa. Nos cem anos do Pergaminho Vindel*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais / Centro de Estudos de Sociologia e Estética Musical, pp. 109-131.
- OVIEDO Y ARCE, Eladio (1916-17): «El genuino 'Martin Codax' trovador gallego del siglo XIII. Texto literario y musical», en *Boletín de la Real Academia Gallega*, XI: pp. 1-16, 57-73, 89-104, 121-136 21-135 e XII: pp. 153-162, 233-257 e 265-271.
- PEREIRA, Paulo Alexandre (2009): *A Beleza Imortal das Catedrais. Afonso Lopes Vieira e a Imaginação Medievalista*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- (2021): «Un ajuste de cantos: a lírica trobadoresca e a renegociación dos roles de xénero na poesía portuguesa contemporánea», en *Boletín galego de literatura*, 57: pp. 67-91.
- POZO GARZA, Luz (1996): *Ondas do mar de Vigo. Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo*. A Coruña: Espiral Maior.

- QUEIZÁN, María Xosé (2018): *Vivir a galope*. Xerais: Vigo.
- RECKERT, Stephen / Helder MACEDO (s. d.): *Do Cancioneiro de Amigo*. Lisboa: Assírio e Alvim.
- RODRIGUEZ, José Luís (1995): «O eco de Dom Denis na literatura posterior», en Juan Salvador PAREDES NÚÑEZ (ed.), *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, 4, pp. 179-202.
- ROQUE, Ana Raquel Baião (2014): «Vi Hoj'eu Cantar D'Amor. Ecos dos Cancioneiros Medievais na Poesia Portuguesa», en Graça VIDEIRA LOPES e Manuele MASSINI (ed.), *Cantigas trovadorescas da Idade Média aos nossos dias*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, pp. 133-193.
- VARNHAGEN, Francisco Adolpho de (1870): *Cancioneirinho das Trovas Antigas colligidas de um grande cancinoeiro da Bibliotheca do Vaticano precedido de uma notícia crítica do mesmo grande cancioneiro, com a lista de todos os trovadores que comprehende, pela maior parte portuguezes e gallegos*. Vienna: Typographia I. e R. do E. e da Corte.

SOBRE OS AUTORES E AS AUTORAS

Mariña Arbor Aldea é graduada en Filoloxía Hispánica, Licenciada e Doutora en Filoloxía Románica. Tras formarse na Universidade de Santiago e de realizar un bienio de posdoutoramento na Università degli Studi di Padova (Italia), regresou á USC como Investigadora Ramón y Cajal. Nesta universidade desenvolve agora o seu labor como profesora titular.

Entre as súas publicacións destacan *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio* (2001), *Cancioneiro da Ajuda* [edición facsímile] (2008), *Cancioneiro da Ajuda. Transcripción e notas* (2015), ou os volumes en que participa como autora e coordinadora, como *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa* (2010), *Pergamino Vindel* (2016), *Transitando polas vías da lírica hispánica. A ruta dos trovadores* (2020) ou *Vai lavar cabelos na fontana fría. As orixes da lírica hispánica* (2021). Finalmente, a profesora Arbor Aldea forma parte do proxecto *Universo Cantigas* (www.universocantigas.gal) como IP2.

Xosé Bieito Arias Freixedo é doutor pola universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre a obra poética do trovador Roi Fernandiz de Santiago (1999) (<http://locuscriticus.webs.uvigo.es/Roi/index.html>) e profesor titular do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo. Forma parte do equipo de investigación do proxecto *Universo Cantigas* (<http://universocantigas.gal>), que está a realizar a edición dixital completa da poesía trobadoresca galego-portuguesa.

Entre outras publicacións, é autor da *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* (2003), así como do libro *Per arte de Foder. Cantigas de escarnio de temática*

sexual (2017). Ten publicados numerosos traballos en revistas e volumes especializados no ámbito da crítica textual e da edición de textos, focados fundamentalmente na análise de problemas editoriais de diversa tipoloxía que presentan os textos trobadorescos.

Ângela Correia é profesora na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa e investigadora no Centro de Linguística da mesma universidade. A súa área de investigación principal é a Crítica Textual e a Lírica Galego-Portuguesa, á que ten dedicado bibliografía diversa incluíndo dous libros (*Ama. A Importância de um Nome no Conhecimento Sobre os Trovadores Galego-Portugueses*, 2016; *O outro nome de «Don Estevan». Oito Sátiras Trovadorescas Relacionadas com Sancho II de Portugal*, 2021) e dúas teses. É tamén editora de Camilo Castelo Branco, un dos mais proeminentes escritores portugueses do século XIX, téndose responsabilizado da edición crítica de seis volumes. Editou igualmente dúas obras do escritor portugués do século XX Vitorino Nemésio. É directora do web Bibliotrónica Portuguesa, creado en 2007, no ámbito do cal coordina a reedición de libros esgotados e desenvolve a actividade de edición de orixinais.

Leticia Eirín licenciouse en Filoloxía Galega na Universidade da Coruña e doutorouse nesta mesma universidade no ano 2012. Na actualidade é profesora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.

O seu traballo de investigación está centrado na literatura medieval galego-portuguesa. De entre as súas publicacións destaca a edición da obra teatral *Auto chamado dos Enfatriões*, de Luís de Camões (2008), *O cancionero de Pero Mafaldo. Edición crítica* (2014), en colaboración con Manuel Ferreiro, ou *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* (2015). Fai parte do proxecto *Universo Cantigas*, que ten como obxectivo realizar a edición crítica dixital da lírica profana galego-portuguesa (<http://universocantigas.gal>).

Manuel Ferreiro é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. A súa actividade investigadora abala entre a Lingüística Histórica e mais a Ecdótica e a Crítica Textual: os dous volumes da *Gramática Histórica Galega* (1995-1997) inscribíense na primeira liña de investigación; co segundo núcleo de pesquisa están relacionados os traballos que teñen como obxecto o estudo e a edición de textos medievais, coa publicación de diversos contributos e artigos especializados en revistas e libros colectivos, e mais monografías como *As cantigas de Rodrigu'Eanes de Vasconcelos* ou *O Cancioneiro de Pero Mafaldo*.

A figura e a obra de Eduardo Pondal nuclea outro centro de interese investigador no ámbito da Crítica Textual e do estudo da lingua literaria pondaliana, coa publicación de múltiples estudos, nomeadamente os catro volumes da súa obra completa (1995-2005) e numerosos traballos e monografías sobre o poeta.

Na actualidade dirixe o proxecto *Universo Cantigas*, que ten como obxectivo realizar a edición crítica dixital dos textos que integran a lírica profana galego-portuguesa (<https://universocantigas.gal>).

Miguel García-Fernández é licenciado en Historia, coas especialidades de Historia Medieval e Historia Moderna, e mestrado en Estudos Medievais Europeos pola Universidade de Santiago de Compostela. As súas investigacións céntranse na historia social das mulleres, especialmente en relación coa historia medieval de Galiza, ampliando os seus intereses cara á historia social do poder e o estudo do patrimonio documental galego. Nesta última liña de traballo, é codirector, xunto a Ricardo Pichel, da plataforma de multiedición dixital *EGPA. Escritorio Galego-Portugués Antigo*. Ademais de ser autor de máis de medio cento de publicacións e de participar en diferentes proxectos de investigación e congresos nacionais e internacionais, actualmente forma parte do persoal técnico do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) e do persoal investigador colaborador do Instituto da Lingua Galega (USC).

Pär Larson é director de investigación no Istituto Opera del Vocabolario Italiano (OVI) do Consiglio Nazionale delle Ricerche (CNR) de Florencia, onde traballa desde 1997. Aínda que as súas funcións se centran na lexicografía dos textos medievais italo-románicos, Larson considérase ante todo un filólogo e un lingüista, e as súas publicacións confirman esta afirmación, como mostra a súa gramática histórica ou a súa investigación histórica sobre a lírica italiana das orixes, que van desde os textos vernáculos máis antigos de Córcega ata a lírica profana galego-portuguesa. En 2018 publicou unha pioneira gramática galego-portuguesa titulada *La lingua delle cantigas*, que ao ano seguinte foi traducida e publicada en lingua galega.

Teresa López é profesora na área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. A súa investigación está centrada na literatura galega contemporánea, con atención preferente á recepción da poesía medieval na contemporaneidade, á literatura do Rexurdimento e á recuperación e edición de obras inéditas ou descoñecidas. Entre as súas publicacións destacan os libros *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses na Galiza*

do século XIX (1991) —I Premio de Investigación Lingüística e Literaria Carvalho Calero—, *O neotrobadorismo* (1997), *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda* (2000) e as edicións de *Rua 26. Diálogo limiar* (1996) de Álvaro Cunqueiro, d'*A costureira d'aldea* (2006) de Manuel Lugrís Freire e, en colaboración con Xoán López Viñas, d'*O frade das dúas almas* de Xosé Tobío Mayo (2009). Na actualidade coordina o grupo de investigación ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega).

José Carlos Ribeiro Miranda é profesor retirado da Facultade de Letras da Universidade do Porto, onde ocupou o posto de 'professor asociado com agregação' no Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos. Fundador do SMELPS (Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade, R.G. do Instituto de Filosofia da FLUP <https://ifilosofia.up.pt/proj/smelps/apresentacao>); IP do grupo portugués do GDRE-AILP (Groupement de Recherche Européen «Approche Interdisciplinaire des Logiques de Pouvoir dans les Sociétés Ibériques Médiévales»), rede europea de investigación do CNRS (Centre National da Recherche Scientifique-France, 2007-2012); socio de honra da Asociación Hispánica de Literatura Medieval; presidente da Sección Hispánica da International Arthurian Society. As súas áreas de especialización son: Idade Media; Filoloxía; Literatura Comparada; Historia da Cultura; Historia Social da Nobreza.

Henrique Monteagudo é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, onde se licenciou e doutorou en Filoloxía Galega e onde exerce desde 1982. Investigador do Instituto da Lingua Galega da mesma universidade. É director da revista *Grial* e presidente da Real Academia Galega. Nas súas liñas de investigación tocou temas de filoloxía, historia da lingua, edición crítica e sociolingüística. Entre os seus traballos relacionados coa lingua e a literatura galegas medievais, salientan as monografías *O son das ondas* (1998), *Historia social da lingua galega* (1999, 2ª ed. 2017), *Letras Primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emergencia do galego escrito* (2008), e *A nobreza miñota e a lírica na Galicia da primeira metade do século XIII* (2014), así como a edición facsímil do pergamiño Vindel (1998, 2014 e 2017). Igualmente, poden salientarse os artigos «'Cuita grand'e cuidado' (A 32) / 'Coita grand'e coyado' (B 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneiros trobadorescos» (2013) ou, entre outros, «Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de A e B. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneiros galego-portugueses».

Ricardo Pichel é doutor en Filoloxía Galega e Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi beneficiario de varias bolsas e contratos predoutorais na Universidade de Santiago de Compostela, na que continúa como investigador colaborador externo no Instituto da Lingua Galega, e na Universidade Complutense de Madrid, da que é colaborador honorario. Na etapa de posdoutoramento foi beneficiario de varios contratos de investigación nas Universidades de Santiago de Compostela, Porto e Alcalá. Nos últimos anos realizou algunhas estadias en centros europeos e estadounidenses. Foi IP de dous proxectos autonómicos, un de I+D+i, financiados pola Comunidade de Madrid, a Universidade de Alcalá e fondos FEDER. Colabora como investigador colaborador en varios proxectos (internacionais de I+D e redes de excelencia financiados con fondos públicos estatais, europeos e/ou estadounidenses (Universidades de Alcalá, Valladolid, Santiago; Birmingham, Porto, California, Canadá). Na actualidade é profesor na Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Gema Vallín é profesora titular na Universidade da Coruña (Departamento de Letras, sección de Románicas) e doutora en Filoloxía Románica pola Universitat de Barcelona. Foi docente na Università degli Studi di Pisa e na Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesora convidada na Universitat Autònoma de Barcelona, e impartiu conferencias por convite en universidades de Francia e Italia. O seu campo de estudo é a literatura románica, con especial dedicación á lírica trobadoresca, sobre a que ten publicado monografías e estudos sobre trobeiros, trobadores provenzais e galego-portugueses. A lírica tradicional en relación coa culta, o último período da lírica galega e o corpus galego-castelán tamén ocupan unha parte destacada do seu labor. Fixo parte de numerosos proxectos de investigación nacionais e autonómicos, e na actualidade é IP (xunto á prof^a. María Isabel Toro Pascua) do proxecto do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades *El origen de la lírica castellana desde las fuentes gallego-portuguesas: poética y retórica* (OlíriCas2).

En este son un cantar farei. *Estudos sobre o universo das cantigas* recolle once traballos que presentan aproximacións recentes ao estudo das cantigas medievals galego-portuguesas, e nomeadamente das pertencentes ao xénero de amigo. Focan aspectos tan fundamentais como as peculiaridades da transmisión manuscrita e codicolóxica das cantigas, a xenealoxía dos trobadores, a edición crítica dos textos, alén da revisión de proxectos en curso como *Universo Cantigas* ou de relecturas poéticas que se fixeron e fan do xénero de amigo nas poesías galega, portuguesa e brasileira contemporáneas.

Estes estudos son obra de doce especialistas procedentes dos ámbitos galego, portugués e italiano e pretenden contribuír a ampliar, desde o rigor filolóxico e tamén histórico, este campo de investigación, coa esperanza de abrir novos diálogos e percursos que engrandezan o xa vizoso ámbito do universo das cantigas galego-portuguesas.

LETICIA EIRÍN é profesora da área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. O seu traballo de investigación está centrado na literatura medieval galego-portuguesa, e de entre as súas publicacións destacan *O cancionero de Pero Mafaldo. Edición crítica* (2014), en colaboración con Manuel Ferreiro, ou *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* (2015). Fai parte do proxecto *Universo Cantigas*, que ten como obxectivo realizar a edición crítica dixital da lírica profana galego-portuguesa.

